ANEXO ÁS CONDICIÓNS XERAIS DE CONTRATACIÓN DE ABONOS E ENTRADAS PARA AS LOCALIDADES SITUADAS NA BANCADA DE MARATHON INFERIOR

1. As persoas que dispoñan dun título de acceso (abono ou entrada) á Bancada de Marathon Inferior quedarán suxeitas ás disposicións do presente Anexo, que complementa as Condicións Xerais de Contratación de Abonos e Entradas.

2. Dado que a Bancada de Marathon Inferior desempeña un papel relevante no ambiente e no apoio ao primeiro equipo do RC Deportivo, poderán desenvolverse neste sector determinadas formas específicas de animación e apoio deportivo de acordo coa normativa vixente.

3. O título de acceso correspondente a unha localidade situada na Bancada de Marathon Inferior terá carácter persoal e nominativo, quedando o seu uso, así como o acceso e a permanencia nesta zona sometidos a condicións específicas de identificación, control e verificación de identidade, sen prexuízo do réxime de cesión e liberación previsto nas Condicións Xerais de Contratación de Abonos e Entradas, que se exercerá conforme aos mecanismos desenvolvidos polo presente Anexo nos apartados 6 e 7.

4. No caso de que houbese incumprimentos individuais que afecten ao funcionamento xeral da Bancada, dificulten a identificación dos seus responsables ou xeren un risco para a seguridade, a convivencia ou o normal desenvolvemento dos encontros, serán de aplicación as Condicións Xerais de Contratación de Abonos e Entradas, o Regulamento de Réxime Interno do Recinto Deportivo e calquera outra normativa que resulte aplicable.

5. En atención ás condicións específicas de identificación e control aplicables ao acceso e permanencia nas localidades situadas na Bancada de Marathon Inferior, o RC DEPORTIVO, na súa condición de responsable do tratamento, tratará os datos persoais das persoas titulares e, no seu caso, usuarias do título de acceso (entrada ou abono) coas seguintes finalidades: (i) a correcta verificación e control da identidade da persoa titular ou usuaria do título de acceso, (ii) a prevención do uso fraudulento do título de acceso (entrada ou abono), (iii) a aplicación das medidas específicas de identificación e control inherentes a este sector específico, (iv) o cumprimento das obrigas legais que corresponden ao RC DEPORTIVO como organizador de espectáculos deportivos, incluída a colaboración coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e coas autoridades competentes e (v) o exercicio ou defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

   Estes tratamentos lexitímanse no cumprimento de obrigas legais aplicables ao RC DEPORTIVO (artigo 6.1.c) do Regulamento (UE) 2016/679 (en diante, "RGPD"), en particular as derivadas da Lei 19/2007, do 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte, do Real Decreto 203/2010, do 26 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de prevención da violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte, e da Lei 39/2022, do 30 de decembro, do Deporte, así como na satisfacción do interese lexítimo do RC DEPORTIVO na prevención de condutas contrarias á seguridade, á orde pública e ao normal

desenvolvemento do evento (artigo 6.1.f) RGPD).

Para tales efectos, e no marco das finalidades e bases xurídicas anteriormente indicadas, o RC DEPORTIVO poderá, en particular: (i) obter e conservar copia ou imaxe do anverso do DNI exhibido con ocasión da contratación, renovación, cesión, liberación ou utilización da localidade; e (ii) aplicar as medidas, procedementos e sistemas de identificación, acceso, seguridade, control e xestión que resulten de aplicación conforme ás Condicións Xerais de Contratación de Abonos e Entradas, ao Regulamento de Réxime Interno do Recinto Deportivo e á normativa vixente aplicable (incluída, no seu caso, a normativa deportiva, federativa e administrativa, así como calquera outras disposicións ou instrucións das autoridades ou organismos competentes), sempre que ditas medidas resulten adecuadas, necesarias e proporcionadas para as finalidades perseguidas e se axusten á normativa vixente en materia de Protección de Datos Persoais, informando da súa aplicación e existencia mediante os distintivos e avisos esixidos pola mesma.

Estas medidas responden ás necesidades de seguridade, prevención e adecuada xestión dos accesos e do desenvolvemento dos encontros, no marco das obrigas que corresponden ao RC DEPORTIVO como organizador dos espectáculos deportivos, da súa responsabilidade en materia de seguridade, prevención da violencia no deporte e da existencia dun interese público relacionado. Os datos persoais tratados en virtude do presente Anexo conservaranse durante a vixencia do título de acceso para a tempada en curso (independentemente de que se trate dunha entrada ou abono) e, unha vez finalizada esta, serán suprimidos de forma segura, salvo que deban permanecer bloqueados por estar vinculados a investigacións policiais en curso, procedementos xudiciais ou administrativos abertos, á presunta comisión de infraccións en materia de seguridade pública, ou resulte necesaria a súa conservación para o cumprimento de obrigas legais, a formulación, exercicio ou defensa de reclamacións ou a colaboración coas autoridades competentes. Os tratamentos de datos derivados da cesión do abono ou da liberación da localidade rexeranse, ademais, polo disposto nos apartados 6 e 7 do presente Anexo e pola información específica facilitada á persoa beneficiaria do acceso no momento da súa identificación e aceptación do Anexo. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación e portabilidade, así como os demais dereitos recoñecidos pola normativa vixente en materia de Protección de Datos Persoais, nos termos e a través das canles establecidas na Política de Privacidade do RC DEPORTIVO, dispoñible na súa páxina web (https://www.rcdeportivo.es/es/politica-de-privacidad).

6. A persoa titular dun abono con localidade situada na Bancada de Marathon Inferior poderá ceder o seu abono a terceiros cando non vaia asistir a un encontro. A cesión terá carácter puntual e gratuíto e non suporá en ningún caso a transmisión da titularidade do abono nin dos dereitos asociados a dita condición, que permanecerán exclusivamente vinculados á persoa titular, nin afectará á antigüidade, número de abonado ou restantes dereitos vinculados á renovación.

   Para estes efectos, o procedemento de cesión realizarase mediante os medios telemáticos establecidos polo Club, quedando a persoa beneficiaria sometida aos controis e condicións de

identificación que resulten aplicables e debendo aceptar e subscribir, así mesmo, o presente Anexo como condición necesaria para acceder á localidade obxecto da cesión. O procedemento será o seguinte, salvo requirimentos específicos do organizador da competición ou das autoridades competentes:

i) Na URL https://cesion.rcdeportivo.es a persoa cedente identifícase mediante SSO ou ID + PIN.

ii) Unha vez identificada, confirma o abono que quere ceder e para que partido concreto.

iii) Posteriormente, a persoa cedente identifica á persoa cesionaria, o tipo de cesión (acceso con entrada ou con abono) e acepta os termos da cesión.

iv) A persoa cesionaria recibe un correo electrónico para aceptar a cesión do abono, así como os termos do presente Anexo.

v) Facilitaráselle á persoa cesionaria a posibilidade de aceptar expresamente que os datos cedidos no proceso queden almacenados para futuras cesións, co obxectivo de axilizar o proceso.

vi) No caso de que a cesión sexa mediante entrada, esta recibirase por correo electrónico; no caso de que a cesión sexa directamente do abono, a persoa cesionaria poderá acceder directamente ao estadio co abono da persoa cedente.

7. A persoa titular dun abono con localidade situada na Bancada de Marathon Inferior poderá facer uso do mecanismo de liberación de localidade habilitado polo RC DEPORTIVO cando non vaia asistir a un encontro, nos termos e condicións establecidos nas Condicións Xerais de Contratación de Abonos e Entradas e demais normativa aplicable para o resto das persoas abonadas, coas particularidades previstas no presente Anexo.

   A liberación efectuarase mediante os procedementos habilitados ao efecto polo RC DEPORTIVO e permitirá ao Club xestionar a dispoñibilidade e ocupación da localidade conforme ao réxime xeral establecido para os abonos.

   Cando, como consecuencia da liberación dunha localidade situada na Bancada de Marathon Inferior, o acceso á mesma sexa asignado a unha terceira persoa, esta deberá realizar o correspondente procedemento de identificación habilitado polo RC DEPORTIVO e aceptar expresamente o presente Anexo mediante os medios telemáticos establecidos na APP oficial do RC DEPORTIVO e na URL https://liberacion.rcdeportivo.es.

   Tras a identificación inicial, o abonado ou abonada confirma o abono que quere liberar e acepta as condicións de liberación especificadas na propia web.

8. Sen prexuízo das condutas tipificadas con carácter xeral no Regulamento de Réxime Interno do Recinto Deportivo, terá así mesmo a consideración de incumprimento do presente Anexo e, en consecuencia, de infracción leve, a cesión a un terceiro do título de acceso correspondente a unha localidade situada na Bancada de Marathon Inferior sen utilizar o mecanismo oficial de cesión habilitado polo RC DEPORTIVO que permita a identificación da persoa beneficiaria do acceso. O segundo incumprimento desta natureza cometido pola mesma persoa dentro dunha

mesma tempada será considerado como infracción grave, e o terceiro e sucesivos dentro desa mesma tempada, como infraccións moi graves.

Dito incumprimento poderá dar lugar á adopción das medidas e, no seu caso, á imposición das sancións previstas no Regulamento de Réxime Interno do Recinto Deportivo para as infraccións que correspondan.

9. O presente Anexo forma parte integrante das Condicións Xerais de Contratación de Abonos e Entradas do RC DEPORTIVO e establece as condicións aplicables ás localidades situadas na Bancada de Marathon Inferior do Estadio, sen prexuízo da plena aplicación das restantes Condicións Xerais de Contratación de Abonos e Entradas, do Regulamento de Réxime Interno do Recinto Deportivo e da normativa aplicable.

10. Respecto das persoas titulares dun abono na Bancada de Marathon Inferior que subscribisen con carácter previo as Condicións Particulares do Abono de Marathon Inferior, o presente Anexo substituirá integramente e deixará sen efecto (respecto de dita persoa titular e da correspondente localidade) as mesmas, que quedarán integramente substituídas polas previstas no presente Anexo, desde o momento en que dita persoa titular proceda a aceptar e subscribir expresamente o presente Anexo.

    Ata que se produza dita aceptación e subscrición, continuarán sendo de aplicación á persoa titular as condicións particulares anteriormente aceptadas, sen prexuízo das Condicións Xerais de Contratación de Abonos e Entradas, do Regulamento de Réxime Interno do Recinto Deportivo e do resto da normativa aplicable.

11. Unha vez aceptado e subscrito o presente Anexo, as súas condicións serán aplicables á persoa titular dun abono ou beneficiaria dun título de acceso con localidade asignada na Bancada de Marathon Inferior, sen necesidade de realizar unha nova aceptación durante a mesma tempada deportiva, nos termos previstos a continuación:

    (a) No caso das persoas titulares dun abono con localidade asignada na Bancada de Marathon Inferior, a aceptación e subscrición do presente Anexo producirá os seus efectos desde ese momento e durante toda a vixencia do abono.

    (b) No caso das persoas beneficiarias dun título de acceso correspondente a un encontro concreto, con localidade asignada na Bancada de Marathon Inferior a través dos mecanismos de cesión e/ou liberación recoñecidos no presente Anexo, o proceso de identificación e a aceptación e subscrición do presente Anexo quedarán rexistrados e poderán conservarse durante a tempada, de conformidade coa normativa aplicable, co fin de que, unha vez completado dito proceso, non resulte necesario reiteralo no caso de que durante a mesma tempada a persoa resulte novamente beneficiaria dunha cesión e/ou liberación para localidades situadas na Bancada de Marathon Inferior. Facilitaráselle á persoa cesionaria a posibilidade de aceptar expresamente que os datos cedidos no proceso queden almacenados para futuras cesións, co obxectivo de axilizar o proceso. A negativa á conservación implicará o inicio do proceso de identificación no

caso de novas cesións.

No caso de que a mesma persoa resulte novamente beneficiaria dun título de acceso para un encontro posterior durante a mesma tempada, as condicións establecidas no presente Anexo resultarán novamente de aplicación, xunto coas restantes condicións xerais, durante dito encontro, sen necesidade dunha nova aceptación e subscrición do mesmo, así como das restantes Condicións Xerais de Contratación de Abonos e Entradas, do Regulamento de Réxime Interno do Recinto Deportivo e da restante normativa aplicable sempre e cando se aceptase previamente a posibilidade de que os seus datos fosen almacenados para futuras cesións.

Neste sentido, a conservación dos rexistros derivados do proceso de identificación e aceptación do presente Anexo non implicará que os títulos de acceso correspondentes a encontros anteriores continúen vixentes nin conferirá por si mesma dereito algún de acceso a encontros posteriores, sendo necesario que, para cada encontro, exista un título de acceso válido emitido a favor da persoa beneficiaria para o encontro concreto conforme aos mecanismos de cesión e/ou liberación habilitados polo RC DEPORTIVO no presente Anexo para as localidades asignadas na Bancada Marathon Inferior.

12. En consecuencia, o acceso ás localidades situadas na Bancada de Marathon Inferior quedará suxeito á previa aceptación expresa do presente Anexo, como condición específica e necesaria para a utilización de ditas localidades. O anterior entenderase sen prexuízo do establecido no apartado 10, relativo ao réxime transitorio aplicable ás persoas titulares dun abono que aceptasen as Condicións Particulares e non o presente Anexo, respecto das cales continuarán sendo de aplicación as referidas Condicións Particulares.

13. A aceptación expresa e subscrición do presente Anexo pola persoa titular do abono realizarase mediante o sistema de sinatura electrónica simple habilitado polo RC DEPORTIVO na Área Privada do Abonado, consistente na marcación, polo propio abonado previamente autenticado coas súas credenciais persoais, da casa especificamente habilitada ao efecto, tras ter tido acceso ao documento íntegro do presente Anexo, con indicación da súa versión e data, e podelo ter consultalo ata o final. Dita casa figurará desmarcada por defecto, será independente e estará separada de calquera outras casas relativas a tratamentos adicionais suxeitos a consentimento. A aceptación electrónica prestada nestes termos terá, para todos os efectos, o mesmo valor e eficacia xurídica que a sinatura manuscrita, de conformidade co artigo 1258 do Código Civil, co Regulamento (UE) 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior (Regulamento eIDAS), e coa Lei 6/2020, do 11 de novembro, reguladora de determinados aspectos dos servizos electrónicos de confianza. O RC DEPORTIVO deixará constancia electrónica da aceptación mediante un rexistro que incluirá, cando menos, o identificador do abonado, a data e hora da aceptación, o enderezo IP desde o que se preste, a versión exacta do documento aceptado e o usuario que a realiza, e remitirá ao abonado copia en formato PDF do Anexo aceptado á dirección de correo electrónico asociada á súa condición de abonado. O mesmo procedemento e sistema de aceptación resultarán de aplicación, coas

adaptacións que resulten necesarias en cada caso, respecto das persoas beneficiarias dunha cesión e/ou liberación dunha localidade situada na Bancada de Marathon Inferior, conforme ao previsto nos apartados anteriores do presente Anexo.

14. As persoas titulares e usuarias das localidades situadas na Bancada de Marathon Inferior comprométense a contribuír activamente ao mantemento dun contexto de apoio ao Primeiro Equipo do RC DEPORTIVO que sexa visible, activo, participativo e respectuoso, guiado polo principio de tolerancia cero fronte a calquera manifestación de violencia ou intolerancia no deporte. Para tal efecto, comprométense a non promover, entoar, reproducir ou participar en cánticos, expresións ou manifestacións contrarias a dito principio de tolerancia cero que poidan supoñer consecuencias disciplinarias para o RC DEPORTIVO.